

Anexo II - Cláusula informativa básica ou de primeira capa para o profesorado, alumnado e familias

Protección de datos persoais e condicións de uso

Os datos persoais necesarios para levar a cabo a retransmisión das clases a través de Internet, incluíndo os necesarios para a conexión ao sistema e os relativos á imaxe/voz do profesorado, dos alumnos e alumnas, e no seu caso, dos seus pais ou tutores (en diante, os participantes) serán tratados pola Xunta de Galicia-Consellería de Educación, Cultura e Universidade, na súa condición de responsable do tratamiento.

A lexitimación para o tratamiento destes datos será, no caso dos alumnos e familias, o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme ao disposto no artigo 6.1 e) do Regulamento xeral de protección de datos, fundamentada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE). No caso do profesorado, a lexitimación para o tratamiento dos datos persoais será o cumprimento da relación estatutaria ou contractual consonte ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD para exercer a función educativa, fundamentado tamén no disposto na LOE.

As persoas interesadas poderán solicitar perante o responsable do tratamiento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A retransmisión das clases poderá ser accesible únicamente ao profesorado e alumnado á que van dirixidas para o seu uso exclusivamente no ámbito docente. Con todo, convén que os participantes preparen previamente ao inicio de cada sesión o seu espazo de traballo, de forma que lles permita interactuar protexendo a súa propia intimidade e a de terceiros.

Prohibírese expresamente a gravación das clases por parte dos participantes, e particularmente a súa compartición en redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea ou a través de calquera canle telemática, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propria imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade administrativa ou civil para a persoa infractora.

Os datos persoais, e en especial as imaxes serán tratadas en todo caso con respecto á Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propria imaxe, e o seu uso por parte da administración educativa autonómica para os fins expresados non xerará dereitos de imaxe con beneficio ou contraprestación económica.

